



**Non caias na trampa, no deporte xogo limpo.
Proxecto Educación en valores a través do deporte.**

O deporte é unha das principais ferramentas educadoras e formadoras de condutas e valores de desenvolvemento individual e social. Cando queremos que os nosos fillos fagan deporte, non só pensamos na súa saúde, non seu crecemento, senon tamén na súa formación integral como persoas. A práctica deportiva permite os nenos experimentar valores como a solidariedade, o traballo en equipo, a disciplina, o esforzo... todos eles valores que despois poderán trasladar ó seu xeito de relacionarse cos demais, á súa forma de entender o mundo, a súa vida profesional. Este é o decálogo da deportividade. Nós intentamos aplicalo cada día co teu fillo, pero tí como pai o nai tamén tes que colaborar.

Decálogo da deportividade.

1 Respecto: O respecto polos demais primará en todo momento.

2 Igualdade: Todos somos iguais

3 Esforzo: Intentamos superarnos e dar o mellor de nós

4 Non violencia: Non aceptamos a violencia, nin física nin verbal

5 Cooperación: Axudámonos, somos un equipo

6 Diversión: Gozamos do adestramento e da competición

7 Xogo limpo: Cumprimos ás regras do xogo

8 Tolerancia: Aceptamos ás diferenzas

9 Aprendizaxe: Estamos a aprender, non só competindo

10 Responsabilidade: Coidamos do material e das instalacións